

**Centro cultural  
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN  
Aldea, s.n.-27.273  
Begonte (Lugo)**

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO  
LUGO

Data 07/03/2014 12:44:40

ENTRADA 26941 / RX 177300



Axencia de Turismo de Galicia  
Presidencia  
Xunta de Galicia

Xulio Giz Ramil, con D.N.I. 76.540.994F, domiciliado en Lugo, rúa do Río Navia, 45-1º, no nome do Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN, de Begonte, entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE e do MUSEO DO BELÉN,


EXPÓN:

Que desde 1972 funciona no concello de Begonte (Lugo) o BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, que cada ano recibe arredor de 40.000 visitas, organiza diversas actividades culturais durante os meses de decembro e xaneiro, e tense constituído no maior atractivo turístico do concello begontino, polo que

SOLICITA

Que, previos os trámites que procedan e o exame da documentación que se acompaña, se declare pola Xunta de Galicia ao BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE como FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

Polo Centro cultural solicitante,

  
Xulio Giz Ramil,  
Vicepresidente.



**D. ANTONIO LORENZO MORANDEIRA, LCDO. EN DEREITO E SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELO DE BEGONTE ( LUGO ).**

**CERTIFICO:** Que, examinados os datos obrantes nestas oficinas ao meu cargo, o Pleno da Corporación , na sesión ordinaria celebrada con data 17 de Xaneiro de 2014, adoptou , entre outros, o seguinte acordo :

**2º.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO.**

Polo sr. Alcalde sinálase que – conforme ao Decreto que regula esta materia – trátase de declarar como Festas de Galicia de interese turístico aquelas manifestacións ou acontecementos de carácter festivo que, celebrados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, supoñan unha valoración da cultura e das tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico. Entende que o “ Belén Electrónico de Begonte “ cumpre con todos os requisitos esixidos nesa normativa e a súa declaración suporía unha promoción do turismo e da cultura do municipio e tamén a posibilidade de acceder ás axudas económicas que neste senso se convoquen.

O concello, ven xa facendo un importante esforzo, coa súa colaboración económica na contía de 3.000 euros coa Entidade Organizadora , pero esta manifestación ou acontecemento cultural e turístico debe potenciarse.

Agora temos o escrito presentado con data 14 de xaneiro do actual, polo Centro Cultural José Domínguez Guizán, no que se solicita do concello se adopte o correspondente acordo plenario para instar a declaración pola Xunta de Galicia do Belén Electrónico de Begonte como Festa de Galicia de Interese Turístico, ao abeiro do establecido no Decreto 39/2001, do 1 de Febreiro ( DOG nº 36, de 20 de febreiro ). Debemos apoiar esta proposta.

- A sra. Ares Ares, concelleira do Grupo Socialista, sinala que se adhiere ao manifestado pola Alcaldía e apoia a solicitude desta declaración do Belén de Begonte como Festa de Galicia de Interese Turístico.
- O sr. Veiga Sánchez, concelleiro do Grupo Mixto – Independentes por Begonte , tamén apoia esta iniciativa , é sinala que é unha mágoa que non se fixera antes.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda :

1º.- Apoiar a solicitude presentada polo Centro Cultural José Domínguez Guizán e instar da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no Decreto 39/2001, do 1 de Febreiro, a declaración do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE como Festa de Galicia de Interese Turístico

2º.- Dar traslado deste acordo aos interesados.

E para que conste, aos efectos oportunos, de orde e co visto e praxe do sr. Alcalde-Presidente, e coa salvedade do disposto no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente en Begonte a catro de febreiro de dous mil catorce.

Visto e Praxe.  
O Alcalde-Presidente.

Asdo. José Ulla Rocha.



O Secretario-Interventor.



**Centro cultural**  
**JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN**  
**Begonte (Lugo)**

14-1-2014

Sr. Alcalde do concello de Begonte

Por Decreto 39/2001 da Xunta de Galicia, establécese o procedemento para declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

O artigo 22 establece que as festas de interese turístico terán unha antigüidade mínima de dez anos, celebraranse en datas facilmente determinables, deben conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen, arraigamento popular, carácter participativo da poboación, e cun indubidable valor cultural nos seus aspectos artísticos, relixiosos, ou de calquera outro tipo.

O procedemento sinala que deberá iniciarse por solicitude dos interesados ou de oficio pola Consellería competente, podendo solicitar a declaración os concellos do lugar onde se celebren as festas, ou calquera entidade pública ou privada e os particulares interesados.

O Centro cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN, entidade promotora do Belén Electrónico ininterrumpidamente desde 1972, con arredor de 40.000 visitas anuais, un Museo do Belén, e un conxunto de actividades anuais entre decembro-xaneiro de cada ano co nome de O NADAL EN BEGONTE, pretende a declaración do Belén electrónico (punto de referencia da actividade) e do Nadal en Begonte como FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO.

A solicitude que se formule debe levar acompañada un "Acordo do pleno do Concello no que radique a festa ou acontecemento, ou do órgano municipal que teña asignada esta atribución". E no caso de que a solicitude a curse directamente o Concello, deberanse describir as accións deste para o mantemento, dignificación e promoción da festa.

Polo indicado, acudimos a ese concello en solicitude de que se tome o acordo plenario pertinente, determinando se o concello quere promover a declaración, ou apoiar a solicitude por parte deste Centro Cultural.

Polo Centro Cultural José Domínguez Guizán,



Xulio Giz Ramil,  
Vicepresidente.